

A movida viguesa, premiada 40 anos despois

A gala da Xuta contou coa presenza do presidente galego e de varios conselleiros, pero non estivo o alcalde da cidade, Abel Caballero.

Por **Miguel Nuñez** - 15 Xaneiro, 2020



A Xunta escolleu a cidade de Vigo como escenario da gala de entrega dos **Premios da Cultura Galega**, que este martes rendeu homenaxe ao fenómeno da '**movida viguesa**' como elemento clave na identidade cultural da cidade e de toda Galicia, coincidindo co 40 aniversario do inicio deste movemento.

Nesta edición, o xurado premiou a: Xesús Alonso Montero na modalidade de letras; a Soidade Penalta na de artes plásticas; a Monicreques de Kukas na categoría de artes escénicas; a Amancio Prada na de música; á serie de televisión 'O sabor das margaridas' no apartado de audiovisual; a Pilar Ponte Patiño no de lingua; á restauración do Pórtico da Gloria na modalidade de patrimonio cultural e ao programa Galego en Londres na de proxección exterior.

En concreto, a gala celebrarase no Teatro Afundación de Vigo e contou con **actuacions que conectou a escena contemporánea galega cos "grandes referentes culturais de inicios dos anos 80"**. Así, actuaron artistas como Tanxugueiras, Escola de Danza Media Punta de Vigo ou Fachendoso, que será o encargado das transicións da gala. Ademais, terá lugar unha performance poética por parte do grupo Rompente, a cargo de Antón Reixa, Manolo Romón e coa música de Julián Hernández.

En paralelo, a **artista baionesa Lula Goce** elaborou un mural de gran formato con referencias á cidade de Vigo, que formou parte da escenografía do acto e que, con posterioridade, será instalado nun espazo da cidade. Actualmente, Goce é unha artista de arte urbana con fama internacional que realizou murais en Nova York, Acerbaixán, Virginia ou Hannover.

A gala dos Premios da Cultura Galega quixo ser unha **homenaxe ao movemento da 'movida viguesa'**, pondo o foco no seu carácter transformador, na súa capacidade para proxectar a cultura de Galicia en todo o mundo e na súa influencia na identidade de Galicia e dos seus creadores, que queda reflectida nalgúns dos artistas que participarán activamente na gala.